

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	MORAÑA
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Martiño de Laxe
<b>Dirección</b>	Lugar da Penagrande, 21. 36668
	42.598546 -8.553087
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Igrexa de planta de cruz latina dunha nave. Capela rectangular está cuberta con bóveda de crucería dunha clave e os nervos descansan en ménsulas. O Arco triunfal de medio punto descansa sobre pilastra cadrada e un muro cuberto por bóveda de crucería. Presenta brazos de medio canon transversal e nave e arcos faixóns de medio punto sobre pilastras. Liña imposta que percorre toda a nave. Sancristía con bóveda de medio canon. O seu frontal é exemplo do estilo imperante na zona no século XVIII, mostra do fino traballo dos mestres canteiros locais. Na fachada principal conta cunha torre-campanario á dereita, de tres corpos e destaca a porta de acceso principal con arco de medio punto. Sobre o ingreso unha fornela coa figura de San Martiño. Presenta muros de cadeirado de granito. A cuberta é de tella a dúas augas e no seu interior garda unha cruz de prata de principios de século XVIII, obra do prateiro compostelán Domingo Trianes.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	03-01-2024

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">SERNA, JOSÉ FRANCISCO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)</a>	1819	70	199
Torre-campanario	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</a>	1888	95	496

Información completa: [Igrexa de San Martiño de Laxe - MORAÑA \(GALICIA\)](#)

